



MODULO PRÁCTICO

DESTINATARIOS/AS: ESCOLARES DE 4ºCURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA QUE FORMAN PARTE DO PROGRAMA “MÓVETE SEGURO CON MOITO OLLIÑO” E RECIBIRON A FORMACIÓN TEÓRICA NAS SÚAS AULAS.

METODOLOXÍA

A fase práctica consistirá en percorrer un circuíto urbano que forma parte das rutas sinaladas para os Colecamiños (**camiño seguro**), deseñado previamente por este departamento, para experimentar os contidos explicados no módulo teórico.

O alumnado aprenderá a cruzar un paso de peóns de maneira segura e responsable (con e sen semáforos), repasará os principais sinais de tráfico existentes na cidade, entenderá as distintas fases dun semáforo comprobando o tempo de apertura de cada ciclo, visitará algunha zona de obras para repasar a sinalización circunstancial e, dentro do módulo “coñece a túa cidade” observará as diferencias existentes entre as rúas da zona vella e da zona nova etc...

O percorrido previsto en caso de que chova abundantemente poderá sufrir variacións para facelo un pouco máis curto e chegar ás dependencias da Policía Local nun tempo máis breve.

O percorrido finaliza nas dependencias da Policía Local, onde ademais de analizar os datos observados na ruta, se lles amosará a sala de tráfico dende onde se manexan os ciclos semafóricos da cidade e se observa a través de pantallas o movemento da circulación en Compostela. Tamén se lles explicarán as principais funcións que desenvolvemos e podrán ver diverso material empregado pola Policía no seu traballo diario.

Xúntase un plano coa ruta do camiño seguro que percorrerá o alumnado durante esta actividade.



DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

- A fase práctica dará comezo o 5 de abril e prolongarase ata o día 9 de maio.

- Iniciaremos a actividade na praza de Vigo confluencia coa rúa Nova (onde comeza a ruta do Colecamiños) e rematarémola na praza do Obradoiro, coa posterior visita ás dependencias da Policía Local.

- Os días e horarios nos que poderá desenvolverse esta práctica serán:
 - 09.30 -13.30 horas: luns, martes, mércores, xoves ou venres
 - 15.15 -18.15 horas: luns, xoves ou venres

- Dende este departamento consideramos que para un bo aproveitamento da actividade, o número máximo de participantes non pode exceder de 25 alumnos por xornada, que dividiremos en dous grupos. Non podendo facer esta actividade máis de dous grupos por xornada.

- Cada grupo deberá vir acompañado, canto menos, por un/unha profesor/a e se é posible por dous co fin de que cada un dos subgrupos poida contar cun responsable.

- Todos os colexios interesados deberán poñerse en contacto con este departamento para fixar as datas nas que lles interese facer a actividade. É conveniente que propoñan varias datas posibles establecendo orden de prioridade e persoa de contacto directo.



- Os coles que precisen usar o bus escolar para o desprazamento do alumnado na súa recollida permitirase o acceso do bus escolar ata a praza do Obradoiro. Cando se formalice a participación nesta actividade deberase facilitar a matrícula do bus que vai acceder á praza para recoller ao alumnado.